

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 3377** *Real decreto 148/2014, do 7 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, e o Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional.*

No título II do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional, creouse e regulouse o Comité Fitosanitario Nacional como órgano de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de sanidade vexetal.

A aplicación da normativa en materia de medios de defensa sanitarios, en especial do uso sustentable de produtos fitosanitarios, fai preciso ampliar a composición e funcións do dito comité, polo que se crean grupos de traballo específicos, ademais de en materia de sanidade vexetal e forestal, nos ámbitos de medios de defensa fitosanitaria, hixiene e rastrexabilidade, ampliando por isto as súas funcións e facultándoo para elaborar propostas de disposicións, directrices e procedementos en materia de controis e plans de acción relativos aos medios de defensa fitosanitarios, á hixiene e á rastrexabilidade dos vexetais e produtos vexetais, así como para asesorar as autoridades competentes nas ditas materias e na planificación, coordinación e seguimento das correspondentes actuacións; promover a coordinación das actuacións das comunidades autónomas co fin de lograr unha aplicación adecuada do control dos medios de defensa fitosanitaria e da hixiene e rastrexabilidade vexetal e forestal, e elaborar propostas ou informes sobre outras materias relativas a estas funcións. Así mesmo, régulanse as reunións do Comité.

Con este conxunto de modificacións evítase a creación de órganos diversos, dentro dun contexto de necesaria austeridade nas administracións.

Así mesmo, o Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, ten como fin regular os programas nacionais de erradicación de organismos nocivos recollidos nos anexos I e II do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, que traspuxo ao noso ordenamento a Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás ditas medidas. O mencionado Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, foi derogado polo Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, o cal, pola súa vez, incorpora as directivas sobre esta materia de forma actualizada e, en especial, parcialmente a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, que derogou a Directiva 77/93/CEE. Por este motivo, considérase que a incardinación xurídica máis lóxica do órgano de coordinación Estado-comunidades autónomas, en materia de sanidade e hixiene vexetal e forestal, é no seo do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Procede, por isto, derrogar os artigos 4, 5, 6 e 7 do Real decreto 1190/1998 do 12 de xuño; polo tanto, o Comité Fitosanitario Nacional intégrase no Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Na elaboración deste real decreto foi emitido o preceptivo informe do Comité Fitosanitario Nacional e foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo artigo 18 co seguinte contido:

«Artigo 18. *Comité Fitosanitario Nacional.*

1. O Comité Fitosanitario Nacional constitúese como un órgano de coordinación adscrito á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. O citado comité reunirase en sesión plenaria ou dun ou varios dos grupos de traballo previstos no número 4. O Pleno estará composto polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral de Sanidade e Hixiene Vexetal e Forestal que, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, substituirá o presidente.

c) Vogais: un representante de cada unha das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, que decidan participar no Comité.

d) Un funcionario designado polo director xeral de Sanidade da Producción Agraria de entre os destinados en postos de traballo adscritos ao seu centro directivo para actuar como secretario, con nivel mínimo de xefe de servizo.

Unha vez nomeados estes vogais, formarán parte do Comité de forma plena e actuarán con voz e voto.

Cando así o xulgue oportuno o presidente ou o Comité Fitosanitario Nacional, poderase solicitar, en relación cun asunto determinado, o asesoramento de persoas alleas a este con recoñecida cualificación científica, así como a colaboración de entidades, asociacións ou agrupacións cuxos intereses se poidan ver afectados.

O Comité reunirase en sesión plenaria, como mínimo, cada semestre e con carácter extraordinario sempre que o presidente o considere oportuno ou cando sexa solicitado por unha terceira parte dos vogais.

3. O Comité Fitosanitario Nacional terá as seguintes funcións:

a) Estudar as medidas para a prevención, erradicación ou control dos organismos nocivos obxecto dos programas nacionais, e emitir informe con

carácter preceptivo sobre os programas nacionais de erradicación ou control da propagación de organismos nocivos.

b) Seguir a evolución da situación dos organismos nocivos, obxecto destes programas, a partir dos datos obtidos polos órganos competentes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, nas súas tarefas de control e vixilancia.

c) Propoñer as medidas pertinentes, en concreto, sobre a investigación epidemiolóxica e as medidas de prevención, erradicación ou control.

d) Emitir informe sobre outros aspectos relativos á política nacional sobre a sanidade e hixiene vexetal e forestal.

e) Emitir informe sobre a proposta de orde do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente pola que se designan os laboratorios nacionais de referencia de sanidade vexetal e forestal.

f) Elaborar propostas de disposicións, directrices e procedementos, en materia de controis e plans de acción relativos aos medios de defensa fitosanitarios, así como asesorar as autoridades competentes nas ditas materias e na planificación, coordinación e seguimento das correspondentes actuacións.

g) Promover a coordinación das actuacións das comunidades autónomas co fin de lograr unha aplicación adecuada do control dos medios de defensa fitosanitaria, así como analizar os resultados do control dos medios de defensa fitosanitaria e propor, se for o caso, accións correctoras.

h) Elaborar propostas ou informes sobre outras materias relativas aos medios de defensa fitosanitaria que lle poidan ser encomendados pola normativa vixente ou requiridos polo presidente, incluíndo aqueles relacionados cos requisitos establecidos por países terceiros.

i) Coordinar a aplicación das medidas ou accións establecidas no Plan de acción nacional para o uso sustentable de produtos fitosanitarios.

j) Elaborar ou emitir informe sobre propostas de disposicións, directrices e procedementos, en materia de hixiene e rastrexabilidade vexetal e forestal, así como asesorar as autoridades competentes nas ditas materias e na planificación, coordinación e seguimento das correspondentes actuacións.

k) Promover a coordinación das actuacións das comunidades autónomas co fin de lograr unha aplicación adecuada do control da hixiene e rastrexabilidade vexetal e forestal, así como analizar os resultados do dito control e propor, se for o caso, accións correctoras.

l) Actuar como órgano de información entre as administracións en materia de comercio exterior de vexetais e os seus produtos no ámbito do presente real decreto e sen prexuízo das competencias do Ministerio de Economía e Competitividade.

m) Cantas outras lle sexan atribuídas en materia de sanidade e hixiene vexetal e forestal.

4. O Comité Fitosanitario Nacional terá os seguintes grupos de traballo:

a) Grupo de traballo de sanidade vexetal e forestal, que se reunirá para tratar cuestións relativas ás funcións que se recollen nas alíneas a), b), c), d) e e) do número 3.

b) Grupo de traballo de medios de defensa fitosanitaria, que se reunirá especificamente para tratar cuestións relativas ás funcións que se recollen nas alíneas f), g), h) e i) do número 3.

c) Grupo de traballo de hixiene e rastrexabilidade vexetal e forestal, que se reunirá especificamente para tratar cuestións relativas ás funcións que se recollen nas alíneas j) e k) do número 3.

d) Grupo de traballo de comercio exterior, que se reunirá especificamente para tratar cuestións relativas ás funcións que se recollen na alínea l) do número 3.

O Comité poderá acordar a creación doutros grupos de traballo para a función prevista na alínea m) do número 3.

Os grupos de traballo citados reproducirán a composición e periodicidade de reunións previstas para o Pleno do Comité.

5. O Comité Fitosanitario Nacional poderá establecer as súas propias normas de funcionamento sen prexuízo da aplicación, no non previsto por aquelas, do disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 28 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional terceira co seguinte contido:

«Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

1. O funcionamento do Comité Fitosanitario Nacional non suporá ningún incremento do gasto público xa que se atenderá cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Os seus membros ou asistentes non percibirán ningunha remuneración, indemnización ou axuda de custo polo exercicio das súas funcións.»

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 4, 5, 6 e 7 do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE